




  
**FINALIDADE**  
(TIPO DE ACTIVIDADE)  
Dramatización con  
recortables.

  
**DURACIÓN**  
50´

  
**MATERIAIS**  
Ficha anexa 1 (con  
personaxes recortables).  
Ficha anexa 2 (con  
utensilios recortables).  
Tesoiras. Papel continuo.  
Rotuladores.

  
**OBXECTIVO**  
Analizar cales son os  
bens de primeira  
necesidade, como a falta  
dalgúns deles condiciona  
a vida da infancia e  
a adolescencia en  
situación de pobreza ou  
vulnerabilidade e propor  
solucións.

  
**ANTES DA ACTIVIDADE**  
Facer varios murais  
(tantos coma equipos  
se vaian facer) cunha  
estrela grande que ocupe  
todo o mural.

## “RECORTABLES”

### DESENVOLVEMENTO

1º. Entre todo o grupo lese o artigo 27 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito a un nivel de vida axeitado.

→ Art. 27 da CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo neno a un nivel de vida axeitado para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social”. “3. Os Estados Partes, de acordo coas condicións nacionais e con arranxo ós seus medios, adoptarán medidas axeitadas para axudar ós pais e a outras persoas responsables do neno a dar afectividade a este dereito e, en caso necesario, proporcionarán asistencia material e programas de apoio, particularmente con respecto á nutrición, o vestiario e a vivenda”.

Ligazón a [versión adaptada da CDN](#) para nenas e nenos de 6 a 8 anos. ([versión pdf](#)).

→ Bens de primeira necesidade: alimentos, vestimenta, vivenda e subministracións enerxéticas.

2º. Fanse equipos de 3 ou 4 persoas e a cada un dáselle as fichas anexas de recortables: unha de personaxes e unha de utensilios materiais. Recórtanse entre todo o equipo á vez que se vai pensando algunha escena cotiá que se poderían representar cos personaxes.

→ Algunhas escenas cotiás poden ser: unha familia almorzando, unha clase do colexio, xogando no parque, etc.

3º. Cando teñan elixida a escena que queren representar cos personaxes recortables, os equipos deben pensar como se vai a desenvolver a escena e poñerse de acordo

para ver que personaxe vai a mover cada compoñente do equipo e que utensilios van a coller. Non é necesario un guión con diálogos, pódense mover ós personaxes e que falen de xeito improvisado.

4º. Representábase a escena diante do resto de equipos e cando se acaba, as persoas que compoñen os outros equipos falan sobre o que viron e se detectaron algunha situación de pobreza en relación ós bens de primeira necesidade. Imaxinan como variaría a escena se fose unha situación de pobreza (personaxes, xeitos de se relacionar, materiais que empregan, etc.).

5º. As observacións que se vaian dicindo (relacionadas con elementos, expresións e situacións de pobreza ou vulnerabilidade que vaian saíndo de cada unha das escenas) vanse anotando nun mural visible cunha gran estrela debuxada. No interior da estrela escríbese a escena e nos picos anótanse as observacións que van saíndo das escenas. Por exemplo: faltan alimentos, parece que vai frío na cociña, están sen abrigo suficiente, non hai cadeiras para que todos estean sentados, etc.

6º. Acabadas as representacións, vense cada unha das observacións anotadas no mural e apórtanse propostas para solucionar ou mellorar.

Nota: é importante que as propostas non sexan desexos, senón que sexan propostas concretas, é dicir, que non sexan algo como “que haxa máis comida” ou “que todo o mundo teña cartos para pagar a calefacción”, senón “que os alimentos teñan un tope de prezo ou se paguen segundo a renda” ou “que a calefacción teña un bono de pago para tódalas familias en situación de pobreza ou vulnerabilidade”.

6 A 8  
ANOS



Bens de  
primeira  
necesidade

# “RECORTABLES”

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

### Que viches/que sabes (observación)

- Que tipo de materiais se necesitan para que as nenas e nenos crezan ben, que non lles pode faltar?
- Como é a vida das nenas e nenos que non teñen tódolos materiais necesarios para crecer ben, como alimentos, roupa, casas, calefacción etc.?

### Que pensas (opinión)

- Por que credes que hai nenas e nenos que non teñen todo o necesario para crecer ben?
- Pensades que cando a unha nena ou neno lle faltan algunhas cousas como alimentos, roupa, casa ou luz lles afecta en algo? En que? Como?

### Que propós (propostas)

- Quen debería de se encargar de que as nenas e nenos teñan o necesario para crecer ben?
- Como se podería conseguir que tódalas nenas e tódolos nenos tiveran os bens de primeira necesidade que necesitan para crecer con igualdade?

## SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

Se se dispón de monicreques pódense empregar sempre que non sexan de animais, xa que é importante que non se converta nunha fábula, senón que sexa unha representación da realidade. Como utensilios, neste caso, poderíanse empregar os obxectos de xogo simbólico dos que se dispoña (por exemplo: comida de xoguete, roupa de bonecas, etc.)

## LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

6 A 8  
ANOS



Bens de  
primeira  
necesidade




6 A 8  
ANOS



Bens de  
primeira  
necessidade

ANEXO 1

Personaxes



6 A 8 ANOS



Bens de primeira necessidade

ANEXO 2

Utensilios

